

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

5398 *Orde PRE/627/2011, do 22 de marzo, pola que se establecen os requisitos a que se deberán axustar os convenios de promoción de fondos de titulación de activos para favorecer o financiamento empresarial.*

O Estado, en virtude das habilitacións concedidas anualmente desde 1999 polas leis de orzamentos xerais do Estado, pode avalar valores de renda fixa emitidos por fondos de titulación de activos constituídos ao abeiro dos convenios que subscriban a Administración xeral do Estado e as sociedades xestoras de fondos de titulación co obxecto de mellorar o financiamento da actividade produtiva empresarial. En concreto, aválanse parte dos valores de renda fixa emitidos por fondos de titulación de activos que agrupan no seu activo préstamos concedidos por entidades de crédito a empresas non financeiras, das cales unha determinada porcentaxe teñen que ser pequenas e medianas empresas. Desta maneira incentívanse as entidades de crédito para a concesión de préstamos a pequenas e medianas empresas ao facilitar a súa mobilización mediante o mecanismo da titulación. Así mesmo, ao se comprometeren as entidades de crédito cedentes a reinvestir a liquidez obtida no proceso de titulación en novo financiamento do mesmo tipo, poténciase o efecto perseguido coa iniciativa, garantíndose así que as vantaxes se trasladan á economía real.

A regulación dos fondos de titulación de activos encóntrase recollida no Real decreto 926/1998, do 14 de maio, polo que se regulan os fondos de titulación de activos e as sociedades xestoras de fondos de titulación.

As bases do procedemento administrativo e as condicións para o outorgamento de avais públicos foron reguladas desde 1999 por diversas ordes ministeriais, cuxa adopción se acomodaba ás novas condicións de mercado dentro do obxectivo de aumentar a eficiencia dos avais outorgados.

A vixente Orde PRE/3/2007, do 10 de xaneiro, sobre os convenios de promoción de fondos de titulación de activos, para favorecer o financiamento empresarial, introduciu certos cambios como a modificación do prazo de presentación das solicitudes de formalización dos convenios –flexibilizándoo, segundo as condicións de mercado–, a posibilidade de exixir unha comisión a favor do Estado pola concesión do aval e a conveniencia de limitar o dito aval á condición de que os fondos sexan de carácter pechado.

A Lei 26/2009, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2010 introduciu cambios substanciais na iniciativa Fondo de Titulación da Pequena e Mediana Empresa (FTPEME) como resposta ao empeoramento das perspectivas económicas derivadas da crise financeira internacional iniciada no verán de 2007. En primeiro lugar, permítense a constitución de fondos abertos, con certas limitacións. En segundo lugar, auméntanse os prazos de reinvestimento. E por último, redúcese a porcentaxe de activos cedidos provenientes de préstamos e créditos concedidos previamente á PEME.

Posteriormente, o Real decreto lei 6/2010, do 9 de abril, de medidas para o impulso da recuperación económica e o emprego, modificou a propia lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2010 co obxectivo de permitir que os fondos derivados da titulación se poidan destinar a financiar activo circulante das pequenas e medianas empresas, o que debe redundar nun máis fácil acceso ao crédito para esta finalidade. Así, elimínase a tradicional restrición de reinvestimento en préstamos ou créditos cun prazo de amortización inicial non inferior a un ano.

Por todo isto, esta orde integra as modificacións introducidas polas normas anteriormente citadas, incorporando ademais algunhas melloras en materia competencial e de procedemento. En primeiro lugar, atribúeselle ao titular da Dirección Xeral do Tesouro e

Política Financeira a competencia para fixar, de ser o caso, a comisión polo aval, tendo en conta que é o competente para outorgar o aval por delegación do titular do Ministerio de Economía e Facenda.

En segundo lugar, atrásase unha quincena o prazo de presentación das solicitudes para facilitar o cumprimento do novo requisito de publicidade previa da comisión que, de ser o caso, se aplique para cada convocatoria.

En terceiro lugar, incorpórase á presidencia da Comisión de Avaliación o titular da Dirección Xeral de Política da Pequena e Mediana Empresa, reforzándose o papel desta dirección xeral na Comisión de Avaliación.

Por último, habilítase o titular da Dirección Xeral de Política da Pequena e Mediana Empresa para a modificación dos modelos de convenios.

O artigo 57.6 da Lei 26/2009, do 23 de decembro, faculta o titular do Ministerio de Economía e Facenda para que estableza as normas que rexerán os procedementos e os requisitos a que se axustarán os convenios que formalizará o titular da Dirección Xeral de Política da Pequena e Mediana Empresa, en nome da Administración xeral do Estado.

Na súa virtude, por proposta da vicepresidenta segunda do Goberno e ministra de Economía e Facenda e do ministro de Industria, Turismo e Comercio, coa aprobación previa do vicepresidente terceiro do Goberno e ministro de Política Territorial e Administración Pública e de acordo co Consello de Estado, dispoño:

Artigo 1. *Ámbito de aplicación e aprobación dos modelos de convenios.*

Esta orde ten por obxecto:

1. Determinar o procedemento de formalización dos convenios regulados nela así como os requisitos que deben cumprir os fondos de titulización que, ao abeiro daqueles, se poidan beneficiar dos avais do Estado previstos na lei de orzamentos vixente en cada exercicio para garantir parte dos valores de renda fixa que emitan.

2. Establecer o réxime, o contido e os modelos dos convenios que figuran como anexos I e II e que poderán subscribir co Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, a través da Dirección Xeral de Política da Pequena e Mediana Empresa, as seguintes entidades:

a) As sociedades xestoras de fondos de titulización inscritas no Rexistro da Comisión Nacional do Mercado de Valores que desexen promover a constitución de fondos de titulización para favorecer o financiamento empresarial.

b) As entidades de crédito concedentes dos préstamos ou créditos susceptibles de cesión aos fondos de titulización de activos indicados na alínea anterior.

Artigo 2. *Presentación das solicitudes.*

A sociedade xestora de fondos de titulización que pretenda formalizar un convenio co obxecto de obter o aval deberá solicitalo á Dirección Xeral de Política da Pequena e Mediana Empresa entre o 1 de febreiro e o 1 de marzo do exercicio en que se vaia constituír o fondo, achegando unha memoria explicativa do proxecto de constitución do fondo de titulización de activos. Esta memoria deberá conter, polo menos, información sobre a porcentaxe dos préstamos e créditos do activo do fondo que corresponde a PEME, así como a súa distribución sectorial e xeográfica. Así mesmo, incluírá información relativa aos valores que se emitirán con cargo ao fondo e sobre a operativa económico-financieira deste. Este trámite efectuarase con independencia dos que posteriormente se deban realizar ante a Comisión Nacional do Mercado de Valores conforme as disposicións vixentes.

A solicitude poderá ser presentada en calquera dos lugares previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, así como a través de medios electrónicos nos termos previstos na Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

Habilítase o titular da Dirección Xeral de Política da Pequena e Mediana Empresa para modificar o prazo de presentación das solicitudes de formalización dos convenios cando resulte necesario para adaptarse ás condicións de emisión nos mercados.

Artigo 3. Avaliación das solicitudes e axuste dos avais solicitados ás dotacións orzamentarias dispoñibles.

As solicitudes de sinatura de convenio e dos avais do Estado serán examinadas por unha Comisión de Avaliación encargada de verificar se se cumpren todos os requisitos establecidos nesta orde. A Comisión de Avaliación avaliará as solicitudes e elaborará un informe en que se incluírá unha proposta de concesión de aval. Nesa proposta, entre outros aspectos, detallarase a contía da eventual comisión que hai que satisfacer segundo o previsto no artigo 5.

Para os efectos da determinación do aval que se vai conceder, se o importe dos avais solicitados nas memorias explicativas é superior á dotación orzamentaria dispoñible para a concesión de avais durante o exercicio, a Comisión de Avaliación asignará o aval da seguinte forma:

a) O 70% da dotación orzamentaria dispoñible concederase aos proxectos presentados de acordo coa proporción que represente o importe total de cada fondo de titulización de activos respecto á suma dos importes totais dos fondos de titulización de activos que se prevé constituír. En ningún caso o importe do aval asignado a un fondo segundo este criterio poderá superar o 25% da cantidade dispoñible en virtude desta letra. Se como consecuencia da aplicación deste límite non se esgota a dotación orzamentaria dispoñible, o remanente repartirase segundo o establecido na alínea seguinte.

b) O 30% da dotación orzamentaria dispoñible e, se é o caso, o remanente existente segundo a alínea anterior, concederase de acordo cos seguintes criterios:

1.º A maior porcentaxe que o saldo vivo dos préstamos ou créditos a pequenas e medianas empresas represente sobre o activo total de cada fondo de titulización de activos.

2.º A menor porcentaxe que o aval solicitado represente sobre o pasivo total de cada fondo de titulización de activos.

Cando se aplique este sistema de asignación do aval, a proposta de concesión do aval quedará condicionada a que o fondo de titulización de activos se constitúa cun importe igual ou superior ao que figure na memoria explicativa.

Artigo 4. Notificación das propostas de concesión de aval aos interesados.

A proposta de concesión de aval, elaborada pola Comisión de Avaliación, notificaráselles ás sociedades xestoras solicitantes, as cales disporán dun prazo improrrogable de quince días naturais, contados a partir do día seguinte ao da súa notificación, para confirmar a súa solicitude ou desistir desta; neste caso procederase ao seu arquivo.

Cando exista algunha desistencia, a Comisión de Avaliación elaborará unha nova e definitiva proposta de concesión de aval que elevará ao titular da Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira e notificará ás sociedades xestoras solicitantes.

Contra a resolución pola cal se aproba a proposta definitiva de concesión de aval, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor potestativamente recurso de reposición ante o mesmo órgano que o ditou ou ser impugnado directamente ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa, segundo o previsto no artigo 116.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

O prazo máximo en que se debe notificar a proposta definitiva de concesión do aval solicitado será de catro meses contados desde a data en que a solicitude tivese entrada no Rexistro da Dirección Xeral de Política da Pequena e Mediana Empresa. Transcorrido este prazo sen se ter notificado resolución expresa, o interesado poderá entender desestimada a súa solicitude por silencio administrativo, sen prexuízo da resolución

expresa que se deberá adoptar sen vinculación ningunha ao sentido do silencio, segundo o previsto nos artigos 42 e 43 da Lei 30/1992, do 26 de novembro. A desestimación por silencio administrativo permítelle ao interesado a interposición do recurso administrativo ou contencioso-administrativo que proceda, conforme o previsto no artigo 43.3 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Artigo 5. *Comisións de aval.*

A Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira poderá exixir pola concesión do aval unha comisión a favor do Estado, cuxa contía se fixará en función do valor nominal dos valores de renda fixa avalados e a súa cualificación crediticia previa a tomar en consideración a concesión do aval, e que deberá satisfacer a sociedade xestora do fondo de titulación de activos a cargo ou por conta do dito fondo pola concesión do aval, de acordo co establecido no artigo 117 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria. A comisión será liquidada pola Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira unha vez constituído o fondo e deberase satisfacer no prazo de quince días contados a partir do seguinte ao da notificación da súa liquidación á entidade xestora do fondo de titulación de activos, quedando condicionada a efectividade do aval ao seu pagamento.

A comisión que, de ser o caso, se aplique para cada convocatoria farase pública, con carácter previo á apertura do prazo de presentación de solicitudes, mediante resolución da Dirección Xeral de Política da Pequena e Mediana Empresa por proposta da Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira.

Habílitase o titular da Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira para que fixe, de ser o caso, o importe, así como os requisitos e demais condicións necesarias para a determinación e exixibilidade da comisión.

Artigo 6. *Concesión do aval.*

O aval será outorgado polo titular da Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira, por delegación do titular do Ministerio de Economía e Facenda, unha vez constituído o fondo e rexistrado na Comisión Nacional do Mercado de Valores.

Artigo 7. *Composición da Comisión de Avaliación.*

A Comisión de Avaliación mencionada no artigo 3 será presidida polo titular da Dirección Xeral de Política da Pequena e Mediana Empresa e estará integrada por dous representantes da citada dirección xeral, dous da Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira, un dos cales actuará como secretario, e un da Dirección Xeral de Política Económica, que serán designados polos seus respectivos titulares das direccións xerais.

As reunións da Comisión de Avaliación poderán ser convocadas, para ser oídas en aspectos técnicos xerais, as asociacións representativas das entidades de créditos adheridas aos convenios de colaboración suscritos co Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, así como calquera outra entidade ou institución relacionada cos procesos de titulación.

A Comisión de Avaliación adscribirase á Dirección Xeral de Política da Pequena e Mediana Empresa e suxeitarase ao réxime previsto para os órganos colexiados no título II da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Artigo 8. *Condicións financeiras dos fondos e obriga de información.*

1. Sen prexuízo do que, se é o caso, establezan as correspondentes leis de orzamentos xerais do Estado ou outras normas con rango de lei, os fondos de titulación de activos deberán reunir, ademais das prescricións xerais establecidas na súa normativa específica, os seguintes requisitos:

a) Polo concernente ao activo, poderanse titular os préstamos ou créditos cedidos polas entidades de crédito que se adherisen ao convenio tipo suscrito co Ministerio de

Industria, Turismo e Comercio. Estes préstamos ou créditos deberán reunir as condicións estipuladas no mencionado convenio, cuxo texto se incorpora como anexo II nesta orde.

b) En canto ao pasivo, poderase avalar ata un 80% do valor nominal dos bonos de cada serie ou clase de valores de renda fixa que se emita polos fondos de titulación de activos con cualificación crediticia efectuada sen tomar en consideración a concesión do aval que, como mínimo, sexa de AA, Aa ou asimilados.

c) Deberá existir unha mellora crediticia que reduza o risco dos valores avalados, de tal forma que lles proporcione unha cualificación crediticia mínima das sinaladas na alínea anterior, concedida por unha axencia de cualificación recoñecida pola Comisión Nacional do Mercado de Valores. Esta cualificación deberase obter con carácter previo á concesión definitiva do aval.

d) Todos os valores emitidos polos fondos de titulación de activos pertencentes ás series ou clases avaladas polo Estado deberán ser, en todo caso, de renda fixa e negociarse, aínda cando o aval só afecte unha proporción da serie ou clase, nun mercado secundario oficial español de valores.

2. As sociedades xestoras de fondos de titulación de activos deberán remitir á Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira, na forma e cos requisitos que esta determine, a información necesaria para o control do risco asumido por parte do Estado en virtude dos avais.

Disposición adicional única. *Facultades en materia de convenios.*

Deléganse no titular da Dirección Xeral de Política da Pequena e Mediana Empresa cantas facultades sexan precisas para a subscrición, execución ou resolución dos convenios, e habilitase para a modificación dos modelos de convenio incluídos nos anexos I e II desta orde.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Queda derogada a Orde PRE/3/2007, do 10 de xaneiro, sobre os convenios de promoción de fondos de titulación de activos para favorecer o financiamento empresarial.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa íntegra publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 22 de marzo de 2011.–O ministro da Presidencia, Ramón Jáuregui Atondo.

ANEXO I

Convenio tipo de colaboración entre o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio e as sociedades xestoras de fondos de titulación de activos para constituír fondos de titulación de activos para favorecer o financiamento empresarial

De acordo co disposto no artigo... da Lei.../....., do... de decembro, de orzamentos xerais do Estado para....., e na Orde PRE/...../....., do... de....., sobre os convenios de promoción de fondos de titulación de activos para favorecer o financiamento empresarial pola que se delega no titular da Dirección Xeral de Política da Pequena e Mediana Empresa a facultade de subscribir, en nome da Administración xeral do Estado, convenios de colaboración encamiñados a constituír fondos de titulación de activos para favorecer o financiamento empresarial.

Concorre o informe preceptivo da Comisión de Avaliación a que se refire o artigo 3 da mencionada orde ministerial.

Á vista do anterior, dunha parte, don....., titular da Dirección Xeral de Política da Pequena e Mediana Empresa, en nome da Administración xeral do Estado, e doutra,

don....., en representación da sociedade xestora de fondos de titulación de activos....., recoñécense mutuamente a capacidade necesaria para contratar e acordan as estipulacións seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira.—Mediante este convenio, o titular da Dirección Xeral de Política da Pequena e Mediana Empresa comprométese a dirixir á Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira a proposta de concesión de aval incluída no informe da Comisión de Avaliación e aceptada pola sociedade xestora segundo se reflicte no documento anexo a este convenio, aos valores de renda fixa emitidos polo fondo de titulación de activos..... FTPEME, xestionado pola sociedade....., conforme a lexislación vixente e, en particular, de acordo con este convenio.

Segunda.—A sociedade xestora comprométese a cumprir os requisitos establecidos na Lei.../.....do... de decembro, de orzamentos xerais do Estado para..., e na Orde PRE/...../....., do..., de....., sobre os convenios de promoción de fondos de titulación de activos para favorecer o financiamento empresarial, no concerner a natureza dos activos e pasivos do fondo constituído como consecuencia deste convenio.

Terceira.—A Administración xeral do Estado obrígase a ceder á sociedade xestora o uso non exclusivo da marca comercial FTPEME ou as súas siglas FTP e dos seus logotipos e signos identificativos.

Cuarta.—Unha vez asinado este convenio, a súa efectividade quedará condicionada, entre outros, á inscrición do fondo no rexistro da Comisión Nacional do Mercado de Valores, á concesión do aval aos valores de renda fixa que se especifiquen no acto de outorgamento do aval que, de ser o caso, acorde o titular da Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira, así como ao pagamento da comisión a favor do Estado que se establecece.

Quinta.—Este convenio rexerese, ademais de polo establecido nas anteriores cláusulas, pola Lei.../....., do... de decembro, de orzamentos xerais do Estado para..., pola Orde PRE/...../....., do... de....., sobre os convenios de promoción de fondos de titulación de activos para favorecer o financiamento empresarial, polo disposto na normativa sobre fondos de titulación de activos, nas normas xerais de dereito administrativo e cantas outras lle sexan de aplicación.

ANEXO II

Convenio tipo de colaboración entre o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio e a entidade de crédito para determinar os préstamos ou créditos susceptibles de cesión ao fondo de titulación de activos que se cree para favorecer o financiamento empresarial

Dunha parte, don....., titular da Dirección Xeral de Política da Pequena e Mediana Empresa, en nome da Administración xeral do Estado, e doutra, don....., en representación da entidade de crédito....., recoñécense mutuamente a capacidade necesaria para contratar e acordan as seguintes

ESTIPULACIÓNS

Primeira.—A entidade de crédito que subscribe este convenio comprométese a cumprir os requisitos que en relación aos préstamos e créditos susceptibles de cesión ao fondo de titulación de activos se establecen na estipulación segunda deste convenio suscrito ao abeiro da Orde PRE/.../..., do....., sobre os convenios de promoción de fondos de titulación de activos para favorecer o financiamento empresarial.

Segunda.—Os requisitos que deberán reunir os citados préstamos ou créditos concedidos pola entidade que subscribe este convenio serán os seguintes:

a) Serán préstamos ou créditos concedidos a todo tipo de empresas non financeiras domiciliadas en España.

b) O saldo vivo dos préstamos ou créditos correspondentes a un mesmo sector, de acordo co nivel de división da Clasificación nacional de actividades económicas 2009, non poderán superar o 25 por cento do total do activo cedido ao fondo de titulización.

c) Polo menos, o 50 por 100 do saldo vivo dos préstamos e créditos cedidos deberá ter un prazo de amortización inicial non inferior a un ano e ter sido concedidos a pequenas e medianas empresas, entendendo por tales as definidas segundo a Comisión Europea (Recomendación do 6 de maio de 2003 ou norma que a substitúa).

Terceira.—Os fondos de titulización de activos poderanse constituír con carácter aberto, no sentido do artigo 4 do Real decreto 926/1998, do 14 de maio, polo que se regulan os fondos de titulización de activos e as sociedades xestoras de fondos de titulización, por un período máximo de dous anos desde a súa constitución, sempre e cando os activos cedidos ao fondo de titulización sexan préstamos ou créditos concedidos a partir do 1 de xaneiro de 2008.

Cuarta.—A entidade que subscribe este convenio deberá reinvestir a liquidez obtida como consecuencia do proceso de titulización en préstamos ou créditos, concedidos a todo tipo de empresas non financeiras domiciliadas en España, das cales, polo menos, o 80 por cento sexan pequenas e medianas empresas. O reinvestimento deberase realizar, polo menos o 50 por cento, no prazo dun ano contado desde a efectiva disposición da liquidez, e o resto no prazo de dous anos. Para estes efectos, entenderase por liquidez obtida o importe dos activos que a entidade cede ao fondo de titulización no momento da súa constitución así como, se é o caso, nas posteriores cesións que se realicen como consecuencia do carácter aberto do fondo, durante o período anteriormente indicado de dous anos.

A entidade que subscribe este convenio informará a Dirección Xeral de Política da Pequena e Mediana Empresa sobre o cumprimento do previsto nesta estipulación ao remate dos prazos previstos anteriormente.

Quinta.—O incumprimento do disposto nas estipulacións anteriores comportará, salvo supostos de forza maior ou outros debidamente xustificadas a xuízo da Comisión de Avaliación a que se refire o artigo 3 da Orde PRE/...../....., do..... de....., sobre os convenios de promoción de fondos de titulización de activos para favorecer o financiamento empresarial, a imposibilidade de efectuar por parte da entidade ningunha outra cesión de préstamos e créditos aos fondos de titulización de activos previstos neste convenio.

Sexta.—Con ocasión da cesión, a entidade de crédito cedente enviará a información que acredite o cumprimento dos requisitos establecidos neste convenio para os créditos e préstamos á Dirección Xeral de Política da Pequena e Mediana Empresa, así como calquera outra información que se lle solicite.